
A Lingüística de Internet: máis un desafío para a gramática galega e a súa didáctica

Estefanía Mosquera Castro
Universidade da Coruña

Resumo:

Unha vez superado o pánico moral que suscitaron inicialmente os distintos xéneros dixitais e o discurso electrónico entre a poboación en xeral e tamén entre o colectivo lingüista e o profesorado, convén reflexionarmos agora sobre os retos que a súa existencia formula para a disciplina lingüística e sobre as implicacións pedagóxicas deste fenómeno. Así, reflectiremos sobre a necesidade de que a tradición gramatical e o ensino comecen a distinguir e a aceptar como naturais distintos usos ou niveis de escrita para que a análise do discurso electrónico poida constituír un fin en si mesmo. En concreto, neste traballo afondaremos sobre todo naqueles aspectos que afectan de modo máis directo a gramática da lingua galega e a súa didáctica, que en moitos casos presenta elementos diferenciais derivados da situación sociolingüística en que se acha.

Palabras chave:

Gramática, lingua galega, didáctica, escrita electrónica.

Sumario:

1. A lingüística de Internet: a novidade e a necesidade dunha nova área. 2. A lingüística de Internet e a gramática galega. 2.1. Novas tendencias na investigación lingüística. 2.2. Novos espazos de reflexión para as disciplinas lingüísticas xa consolidadas. 2.3. Algúns inconvenientes aínda por resolvermos. 3. A lingüística de Internet e o ensino da lingua. 3.1. A necesidade de recursos didácticos de referencia. 3.2. A mudanza nas actitudes lingüísticas e nos enfoques metodolóxicos. 4. Conclusións.

Internet Linguistics: one more Challenge for Galician Grammar and Teaching

Abstract:

After having overcome the moral panic initially aroused by the various digital genres and electronic discourse among the general public and among linguists and teachers, we should now reflect on the challenges that this phenomenon have addressed from a linguistic and teaching perspective. In this sense, we consider it necessary that the grammatical tradition and training begin to distinguish and accept different uses or levels of writing as natural,

so that the analysis of digital discourse could be and end in itself. In particular, this work deepens especially those aspects that directly affect the Galician language grammar and its teaching, which in many cases has differential elements motivated from its particular sociolinguistic situation.

Key words:

Grammar, Galician language, Teaching, Netspeak.

Contents:

1. Internet Linguistics: the novelty and the need for a new field. 2. Internet Linguistics and Galician Grammar. 2.1. New trends in Linguistic Research. 2.2. New researcher contexts for traditional linguistic areas. 2.3. Some drawbacks still to solve. 3. Internet Linguistics and Language Teaching. 3.1. The need for teaching resources. 3.2. Changing linguistic attitudes and methodological approaches. 4. Conclusions.

1. A Lingüística de Internet: a novidade e a necesidade dunha nova área

Os estudos sobre a Lingüística Textual fan parte dunha disciplina relativamente recente que xorde na Europa dos anos 60 do século XX, se ben que non alcanzan unha proxección considerábel até a década seguinte. Sobre este particular, Freixeiro Mato (2006, IV: 15) resalta que a lingüística moderna, abandeirada polo estruturalismo de Saussure, focalizou a súa atención en certas disciplinas como a fonoloxía e a morfoloxía, ao paso que a gramática xenerativa, fundamentalmente a partir das obras de Chomsky, tornou a semántica e, sobre todo, a sintaxe no albo da investigación lingüística. As dúas perspectivas, isto é, tanto o xenerativismo como o estruturalismo non adoptaron este enfoque dado que abordaban o estudo da lingua desde un punto de vista abstracto, ou sexa, sen teren en conta o seu uso (con)textual. Ao contrario, esta nova área de reflexión¹ pode ser definida, de acordo con Koch (2003: 9), como unha lingüística que se encarga das manifestacións idiomáticas producidas por persoas concretas en situacións determinadas, en base a determinadas condicións de produción. Neste sentido, o seu obxecto de estudo é o texto, na medida en que constitúe a unidade lingüística máxima mediante a cal os seres humanos interaxen uns cos outros (Mateus / Brito / Duarte / Faria 1994: 134).

Desde o noso ámbito lingüístico son xa certamente notábeis os contributos que se teñen feito con base neste marco metodolóxico, como así o demostran os xa tradicionais traballos de Fávero / Koch (1983) e de Fonseca (1994) ou os máis recentes realizados, entre outros, por Marcuschi (2001), Menéndez (2004), Oliveira / Fonseca (2004) e Marques (2011), todos eles baseados no portugués. Para a lingua galega convén salientarmos igualmente Freixeiro Mato (2006) e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010) por dedicaren nas súas respectivas gramáticas un espazo considerábel –en ningún caso marxinal ou anecdótico– para o tratamento das cuestións relativas á análise do texto. Con todo, tan só o último dos contributos, e non de forma pormenorizada, aborda o tratamento dos novos xéneros discursivos e das novas modalidades gráficas –aínda que profundamente oralizantes–, que se orixinaron como consecuencia da revolución tecnolóxica e que, en moitos casos, viñeron alterar profundamente moitos dos fundamentos en que tradicionalmente se asentaron as investigacións lingüísticas.

1 A este respecto, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2010: 492) distinguen diversas disciplinas que, a pesar de estaren todas elas centradas no estudo do texto, presentan orientacións diferentes: en canto a Lingüística Textual atende principalmente ao aspecto estrutural, a Pragmática, pola súa parte, ocúpase da correcta interpretación do texto a partir do coñecemento das regras que rexen o uso da lingua e, finalmente, a Análise do Discurso focaliza a súa atención no texto en canto que actividade discursiva no marco da interacción verbal.

O avance da tecnoloxía informática e das telecomunicacións tivo, de feito, numerosas repercusións na esfera lingüística; así, a aparición dun novo soporte contribuíu para o desenvolvemento e o afortalamiento dun novo campo de investigación científica, a Lingüística Computacional, e o subsecuente deseño de diversas ferramentas e aplicacións, como os tradutores, os dicionarios ou os córpora de textos (Gómez Guinovart 2000: 221). Nesta liña, podemos até mesmo afirmar que o contexto electrónico, e máis concretamente a web, constitúe na actualidade a canle por excelencia a través da cal as persoas se comunican, escriben sobre o que lles acontece e sobre os seus intereses, dan opinións e valorizan produtos de todo o tipo, de forma que é posíbel considerármola, de acordo con Crystal (2011: 1), “the largest database of language the world has ever seen”. Por esta razón, as implicacións lingüísticas da revolución tecnolóxica non poden ser unicamente descritas en termos de enxeñaría lingüística, na medida en que o aparecemento de novas situacións comunicativas provocou a proliferación de novos xéneros discursivos e de variedades lingüísticas particulares con pautas de interacción adaptadas a este novo marco².

A aproximación a estas textualidades –mensaxes de texto, chats, redes sociais, correo electrónico etc.– constitúe para a Lingüística un desafío constante na medida en que a rápida evolución das tecnoloxías provoca que as investigacións que se realizan sobre elas poidan ficar obsoletas no momento en que son redixidas, o que, porén, non debe ser un impedimento para nos achegarmos a elas³. E sobre esta cuestión, concordamos con Vela Delfa (2005: 45) cando sinala que esta reflexión non debe limitarse a describir as singularidades que se observan neses contornos comunicativos, máis ten de asumir como obxectivo un exame profundo do potencial comunicativo do medio e das súas repercusións a nivel lingüístico. E estas nin sempre poden ser adscritas exclusivamente á Lingüística textual; a interdisciplinariade desta nova área tórnase evidente con só atendermos ás distintas nomenclaturas que reciben os estudos sobre esta área. Así, mentres Herring (2002) se refire á *Comunicación mediada por computador*, Yus (2001) alude á *Ciberpragmática* e Crystal (2011) fala de *Lingüística de Internet*.

Á falta de novos referentes, asumimos a solución do lingüista galés por canto consideramos que é aquela máis inclusiva e, por tanto, a que permite englobar dentro

2 Neste sentido, continúan a ter vixencia as palabras de Bajtin (1982: 248), quen sostíña que a riqueza e a diversidade das modalidades comunicativas é inmensa, porque as posibilidades da actividade humana son inesgotábeis e porque en cada esfera da praxe existe todo un repertorio de xéneros discursivos que se diferencian e que crecen ao tempo que se desenvolve e se torna máis complexa a propia esfera a que xorden asociados.

3 Esta realidade pode observarse na evolución das obras que existen sobre este ámbito, como as de Crystal (2006, 2011) ou as de Yus (2001, 2010) que, se ben que nun primeiro momento conceden atención á mensaxaría instantánea ou aos chats, na actualidade comprobamos que dedican unha maior relevancia ao correo electrónico, aos novos sistemas de mensaxaría móbil e ás redes sociais.

dela diversas focaxes⁴, incluídas tamén as propostas polos anteditos autores, máis enfocadas cara á Lingüística Textual. De tal modo, poderíamos analizar este fenómeno desde a gramática do texto, na medida en que o seu estudo pon de manifesto a existencia de novas modalidades que fan parte xa da nosa praxe comunicativa ou desde a pragmática, en canto a súa análise revela tamén novidosos mecanismos de interacción lingüística. Mais tamén sería posíbel abordarmos a situación sociolingüística dos idiomas presentes na Internet, entre outras posibilidades. En calquera caso, e con independencia de como denominemos esta nova disciplina ou do ámbito concreto en que sexa aplicada, o que vira evidente e que esta chegou para ficar e será o noso labor como lingüistas describirmos e analizarmos as manifestacións lingüísticas que se producen neste contexto e, nesta liña, crearmos e deseñarmos os materiais pertinentes para que estas poidan ser abordadas desde unha perspectiva pedagóxica.

A seguir, e sen o afán de sermos concienzudos, faremos especial fincapé nas repercusións que ten para a lingua galega esta revolución comunicativa e para iso atenderemos non só aos aspectos máis teóricos da descrición gramatical, mais tamén a aqueles que inciden na súa didáctica e, consecuentemente, na práctica efectiva da lingua.

2. A lingüística de Internet e a gramática galega

As primeiras liñas investigadoras sobre os usos lingüísticos no contexto electrónico comezan a xurdir na década de 80 e fundamentalmente proveñen do mundo anglosaxón, nomeadamente do norteamericano, como mostran os traballos de Ong (1982), Kiesler / Siegel / McGuire (1984) ou Thompson (1988). A novidade temática provocou certa demora nas aproximacións a este campo; con todo, o estado actual das investigacións sobre o discurso electrónico é moi positivo, dado que o número de achegas creceu nos últimos anos de forma exponencial. E embora o ámbito prioritario do desenvolvemento destas continúe a ser o norteamericano –en que é preciso subliñarmos o labor investigador levado a cabo por Herring (1996a 1996b, 1999, 2000, 2001, 2002) e por Baron (1984, 1998, 2000, 2001)–, pouco a pouco comezan a se disipar as fronteiras xeográficas da disciplina, ao mesmo tempo que o fan tamén as psicolóxicas⁵. O congreso celebrado na Universidade

4 Con todo, é preciso sinalarmos que non se axustaría para facermos referencia ás mensaxes de texto, que non dependen directamente da Internet (véxase a este respecto Mosquera Castro 2012). Mais considerámola válida na medida en que esta modalidade manifesta hoxe en día un claro retroceso, en favor dos novos sistemas de mensaxaría móbil aos que este termo si daría cabida.

5 De acordo con Crystal (2011: 3), “as has happened repeatedly in the history of language study, an important part of the linguist’s job is to eliminate popular misconceptions, and the Internet has certainly provided plenty of these”.

de Sherbrooke en Canadá sobre a Comunicación Mediada por Computador no ano 2001 é, neste sentido, unha mostra da expansión destes traballos fóra das fronteiras norteamericanas, en que tamén participou Torres i Vilatarsana, nesa altura profesora do departamento de Filoloxía Catalá da Universidade de Barcelona.

Entre o elenco de investigadores europeos sobresa a figura do lingüista galés Crystal (2006, 2008 e 2011) que ten reflectido en numerosas ocasións sobre a comunicación lingüística na Rede e sobre a natureza da linguaxe electrónica, así como Fiorimonte (2003), cuxo traballo constitúe unha aproximación moi completa ao fenómeno da textualidade electrónica. Centrándonos no ámbito peninsular, cómpre sinalarmos un crecente interese por este novo campo de estudo: para alén de destacarmos os traballos de Torres i Vilatarsana (2000, 2001a, 2001b, 2004), cuxos estudos son, en moitos sentidos, unha continuación dos realizados por Herring, tamén son relevantes as aproximacións levadas a cabo por Mayans (2000a, 2000b, 2000c, 2001 e 2002), Costa Bravo / Jiménez Gómez / Vela Delfa (2003), Vela Delfa (2005) e Álvarez Martínez (2008). Desde o ámbito catalanófono destaca igualmente a organización da *I Xornada da Comunicación Medida por Computador* en Catalán celebrada en Barcelona no ano 2000 e a recentemente convocada *1st International Conference: Approaches to Digital Discourse Analysis* (2015) e con sede en Valencia.

E finalmente, no marco da reflexión lingüística sobre o galego e o portugués, son tamén relevantes as achegas de Teixeira (2003 e 2008), centradas, sobre todo, nos novos usos da escrita portuguesa en contornos electrónicos. Para o caso concreto da lingua galega son aínda moi escasos os contributos que se están a realizar e que, de exceptuarmos os nosos traballos previos (véxase Mosquera Castro 2012, 2013a e 2013b, Mosquera Castro / Sánchez Rei 2013 ou Mosquera Castro / P. Wellings 2014) se limitan a meras alusións aos novos contextos en que se utiliza a lingua, sen entraren en análises exhaustivas, como acontece en Santamarina (2008) e Regueira (2012). Esta situación vira comprensible de atendermos ás circunstancias sociais e políticas en que transcorreu a historia da lingua galega, que provocaron un desenvolvemento exíguo e tardío da súa tradición filolóxico-gramatical⁶, e que motivou en parte que os esforzos investigadores iniciais estivesen fundamentalmente orientados a cubrir as lacunas aínda existentes, mais do que a abordar novas focaxes sobre os usos lingüísticos. Mais desde as últimas décadas do século XX –en que se establece o carácter cooficial do galego– comezaron a aflorar un grande número de traballos serios e científicos que estudan o noso idioma desde as diversas esferas da descrición filolóxica e que o sitúan ao mesmo nivel que outras linguas romances, normalizadas en épocas moito anteriores.

6 Véxase a este respecto Sánchez Rei (2005).

Neste contexto, xulgamos que o estudo da nosa lingua non só debe asentar na tradición, mais tamén na análise da realidade máis inmediata. Así, a introdución desta nova focaxe, a dos usos lingüísticos da Internet, contribuirá, na nosa opinión, para a modernización e a actualización da Filoloxía Galega e favorecerá igualmente a normalización das novas prácticas discursivas e tamén do galego, na medida en que o feito de estas existiren é un claro resorte da súa vitalidade. A presenza da lingua nos espazos electrónicos supón para a lingüística xeral e, subsecuentemente, tamén para a galega un duplo reto: por unha parte, convida o persoal investigador a se aproximar das novas realidades lingüísticas que se orixinan neste contexto, caso das tipoloxías textuais electrónicas ou da variedade gráfica que as vehicula; e, por outra parte, amplía tamén os horizontes científicos doutras disciplinas lingüísticas que xa teñen certa proxección e nos que a presenza da lingua nun novo medio con características de seu permite novas aproximacións e, nalgúns casos obriga tamén a reformularmos parámetros que até ese momento considerabamos inamobíbeis (Belda Medina 2003: 11).

2.1. Novas tendencias na investigación lingüística

A respecto do primeiro desafío, as liñas abertas para o estudo da lingua galega polo marco electrónico son múltiples. Nestes medios, pódense realizar estudos sobre o modo en que esta opera na comunicación mediada e sobre os mecanismos que desenvolve para se adaptar ao medio, na liña dos traballos de Herring (1999) ou de Torres i Vilatarsana (2001). Deste modo comprobaremos como as limitacións de espazo e de tempo obrigaron en moitos casos a prescindir de caracteres, a simplificar a sintaxe ou a multiplicar o número de abreviaturas propias da comunicación escrita, sen esquecermos as innovacións lexicais producidas polo propio desenvolvemento do novo campo. Igualmente conviría analizar as características particulares do discurso electrónico galego atendendo á dicotomía oral / escrito, como xa apuntamos en Mosquera Castro (2013a). Neste sentido, embora se trate dun medio fundamentalmente gráfico, desenvolve na maioría dos casos auténticas conversas, o que incitou o usuariado a desenvolver ao máximo a súa orixinalidade lingüística para as aproximar das que teñen lugar de forma presencial e, por tanto, oral. Así, é posíbel manifestarmos enfado ou euforia a través das maiúsculas e dos sinais de puntuación, expresarmos diversos estados de ánimo a través dos emotícones ou redixirmos prescindindo daquilo que non é pertinente no plano oral, caso dos acentos ou das correspondencias fonema / letra.

De feito, as características de cada modalidade electrónica condicionarán en parte o uso destas ou doutras estratexias, de forma que será necesario tamén aproximarnos da textualidade na Rede e examinarmos con pormenor as súas particularidades, caso

do traballo de Vela Delfa (2005) e de Tascón / Abad (2011) sobre o correo electrónico e a rede social Twitter, respectivamente. Así, nalgúns casos serán as limitacións no número de caracteres as que provoquen mecanismos lingüísticos tendentes cara á condensación, como acontece nas SMS e na rede social Twitter, en canto noutros medios, nomeadamente nos sincrónicos como os chats ou os recentes sistemas de mensaxaría instantánea, serán as restricións temporais e contextuais as que condicionen estratexias lingüísticas similares ou o desenvolvemento de mecanismos para o mantemento do turno. Por súa vez, as características da aplicación en que teñen lugar xerarán estruturas dialogais certamente novidosas, como acontece no correo electrónico, en que a resposta pode incorporar a mensaxe inciática no inicio, no final ou de forma intercalada (Yus 2001:181) ou tamén nas aplicacións en que existe a posibilidade de manter conversas simultáneas (Crystal 2011: 25)⁷. Este tipo de estratexias son propias do contexto electrónico e da súa natureza textual, e de ningún modo poderían documentarse nas interaccións orais.

2.2. Novos espazos de reflexión para as disciplinas lingüísticas xa consolidadas

Para alén do reto ontolóxico que para a Lingüística Galega formula a aparición de novas realidades lingüísticas, que como xa apuntamos exixen de reflexión desde un prisma filolóxico-gramatical, convén termos presente as posibilidades que a presenza da lingua galega neste contexto ofrece tamén para a modernización doutras áreas lingüísticas, que embora contén xa con certa tradición encontran no medio electrónico un novo espazo desde o que actualizar as súas investigacións. Así por exemplo, a análise da conversa ten nas interaccións electrónicas máis un foco sobre o que centrar o seu interese, pois as unidades conversacionais, a xestión dos turnos de fala ou a mudanza de tópico actúan de forma particular a respecto das conversas tradicionais (Regueira 2012: 40). Neste sentido, os solapamentos e as interrupcións da conversa presencial non costuman producirse na virtual, pois a aplicación regula de forma lineal a entrada do texto, mais si poden existir interferencias provocadas pola falta de sincronización nos turnos de fala, ben por razóns de índole tecnolóxica, ben por unha demora na resposta por parte do interlocutor ou ben por unha mudanza de tópico realizada polo emisor, que sen o apoio visual que proporciona a escrita sería impensábel noutros contextos (Vela Delfa 2005: 72).

De igual modo, as propias características do contexto electrónico instauran unha nova dimensión da variación lingüística, a variación diatócnica (Fiormonte 2003: 112)

7 Como sinala o autor galés “entering a room in which sever conversations are taking place simultaneously, we cannot pay attention to all of them or interact with all of them” (Crystal 2011: 25).

que, ao lado das xa tradicionalmente consideradas, como a diacrónica, a diatópica ou a diafásica (Sánchez Rei 2011), deberá facer parte de futuras aproximacións sobre a lingua galega desde o ámbito variacionista. Neste sentido, será tamén necesario aproximarnos ao modo en que o sexo ou a idade influen tamén nas uso e nas propiedades da escrita electrónica galega, como xa apuntaron para o inglés Baron (2004) e Oksman / Turtianen (2004) para o finés. Unha análise estatística sobre o noso corpus de mensaxes de texto revela, neste sentido, que son as faixas de menor idade (15-25) e dentro delas as mulleres, aquelas que máis utilizan estes soportes e tamén a escrita electrónica fronte á norma padrón para interaccionar no contexto virtual, o que coincide *grosso modo* coa percepción dos utentes da lingua galega, como figura en Mosquera Castro (2013b: 68).

De feito, as aproximacións máis clásicas de corte dialectal tamén poden ser abordadas desde esta perspectiva, pois o uso de variedades rexionais na escrita electrónica non pode ser entendido só como un marcador da procedencia do usuariado, mais tamén asume outras funcións, nalgún caso de tipo expresivo e noutras como estratexia de simplificación⁸. E estas mesmas motivacións poden ser tamén documentadas para a presenza na variedade dixital de interferencias lingüísticas e de alternancia de códigos, como documentan para o catalán Cassany / Sala Quer / Hernández (2008). O contacto lingüístico é, consoante Feuba Wanji (2009) “a common linguistic behaviour in multilingual settings” e, nesta liña, atéstase tamén nas interaccións electrónicas noutras linguas non minorizadas (véxase Thurlow / Poff 2013). Con todo, a análise con base no galego permite corroborar, para alén de xustificacións de tipo funcional ou exótico –moito máis evidentes con linguas como o inglés, o italiano ou mesmo o catalán–, as repercusións do contacto lingüístico, e a aínda notoria presión do español (Parga Valiña 2004), que se trasladou tamén para estes contextos, abrindo novas vías para a análise sociolingüística.

2.3. Algúns inconvenientes aínda por resolvermos

Estas son só algunhas das innúmeras posibilidades que a presenza da lingua galega na Internet e nos soportes electrónicos ofrece aos investigadores para ampliaren as perspectivas desde as que abordar a investigación filolóxica, ben a través da inauguración de liñas dentro desta nova disciplina como xa aconteceu tamén coa Lingüística Computacional ou a Lingüística Aplicada, ben con base en áreas máis clásicas que asumen este espazo como máis un contexto desde o que abordar o seu obxecto de estudo. Sexa como for, subscribimos as palabras de Crystal (2011: 1) cando afirma que “wherever we find language, we find linguists”.

8 Sobre este particular, véxase tamén Mosquera Castro (2013b: 68).

Con todo, e a pesar das xa citadas oportunidades que se abren para a lingua galega, a novidade deste tipo de investigacións implica tamén acharmos certos obstáculos, especialmente no referente ao marco teórico e aos principios metodolóxicos que deben estruturar traballos destas características para garantir a súa coherencia. Así, a carencia de referencias bibliográficas para o galego obriga a formularmos *ex nihilo* teorías sobre a lingua galega ou a nos apoiarmos nos traballos realizados para outros idiomas – como tamén se pode evidenciar no presente contributo –, o que nin sempre é garante de fiabilidade, pois as distintas linguas e sobre todo os contextos en que estas se utilizan motivan tamén diferentes usos e actitudes lingüísticas (Iglesias Álvarez 2012). Porén, a falta de referentes non constituiría un grande problema se tivermos á nosa disposición un corpus de texto o suficientemente representativo dos usos lingüísticos galegos no espazo dixital, dado que este se erixiría como a base empírica fundamental desde as que apoiar as nosas hipóteses. A nivel xeral, existen moi poucos bancos de datos que recollan mostras das novas prácticas lingüísticas (véxase Fairon / Paumier 2006) e, en particular, ningún dos existentes incorpora hoxe en día a lingua galega no seu abano de idiomas.

Na actualidade manexamos un corpus propio de mensaxes de texto que contén 1000 mostras –mais que aínda non se fixo público–, e descoñecemos a existencia de iniciativas similares para o galego. Neste sentido, consideramos que para avanzar na investigación este debería continuar ampliándose non só do punto de vista cuantitativo (Pérez Guerra 1998: 28), mais tamén cualitativo, de forma que incorpore outros xéneros electrónicos distintos das SMS –modalidade textual en retroceso– que permitan obter como resultado un grande banco de datos da lingua galega na Rede. E neste punto, a converxencia da Lingüística de Internet coa Lingüística de Corpus ofrece un escenario inmejorable para que a comunidade investigadora se achegue a esta nova realidade lingüística e a describa coa maior profundidade posíbel. Eis un outro desafío e se callar o máis prioritario, na medida en que condiciona en certo modo a consecución dos anteriores e que non depende –ou, cando menos non debería depender– dunha vontade individual de investigación, mais dun proxecto máis ambicioso, multidisciplinar e, por tanto, colectivo.

3. A lingüística de Internet e o ensino da lingua

Os retos que a Lingüística de Internet formula para a lingua galega non remiten unicamente para cuestións teóricas relativas á súa descrición e sistematización dun punto de vista gramatical, como indicamos en 2; nestes medios, consideramos igualmente necesario que as investigacións realizadas sobre esta nova realidade poidan materializarse tamén desde unha óptica didáctica. Así as cousas, cómpre que

os resultados obtidos poidan ser concretados en materiais didácticos que actúen como referentes ou cando menos sirvan de guía para o seu ensino-aprendizaxe en todos os niveis educativos, isto é, desde os que manifestan unha clara especialización filolóxica até os que presentan un focaxe máis comunicativa. Con todo, esta realidade non pode reflectirse só a nivel instrumental, mais precisa que previamente se produzan mudanzas no enfoque metodolóxico, sobre todo no tocante aos usos escritos, que permitan distinguir e aceptar como naturais estas novas prácticas (Teixeira 2008) e tamén nas actitudes a respecto destas novas realidades, que superen os prexuízos en favor da descrición lingüística.

3.1. A necesidade de recursos didácticos de referencia

A falta de corpus que recollan mostras dos usos lingüísticos en rede sinalada en 2 é tamén unha evidencia da ausencia de recursos didácticos, pois na actualidade a Lingüística de Corpus abriu unha nova vía, moi eficaz, para o estudo da lingua, como xa indicaron moi acertadamente Viana / Tagnin (2011). E aínda que o desenvolvemento de aplicacións deste tipo non é homoxéneo para todas as linguas, pois a súa proxección depende dos recursos – principalmente económicos– de que dispoñan⁹, na actualidade é certamente significativo o aumento de corpus de referencia para a lingua galega, como o CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual), o TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega) ou o CORILGA (Corpus oral Informatizado da Lingua Galega), que nos permiten verificar os usos reais deste idioma en varios dos seus estadios lingüísticos e nas modalidades oral e escrita.

Nos últimos anos, o establecemento de novas modalidades comunicativas provocou que a Internet e o contexto electrónico se configurasen como o grande contendor dos novos usos escritos, pois nel xérase unha grande cantidade de información que supón un recurso de información moi rico desde a perspectiva da análise lingüística, na medida en que constitúe unha fonte inesgotábel de exemplos auténticos do uso do galego e que, por tanto, poden ser aproveitados, tanto para a investigación lingüística como para a práctica educativa, ben como obxecto de consulta ou ben

9 Como indicamos en Álvarez García / Mosquera Castro (2014: 12), “en los extremos encontramos lenguas como el inglés o el español que cuentan con numerosos recursos —principalmente económicos— que facilitan esta proyección, u otras como el mbara o el ocaina, que se localizan en partes del mundo menos desarrolladas (Chad y Perú, respectivamente) y que en algunos casos ni siquiera tienen representación escrita (Moseley 2010). A medio camino, se sitúan las lenguas minorizadas como el gallego que, a pesar de la escasez de medios, consiguen avanzar en este campo y favorecen el proceso de normalización lingüística (Crystal 2004: 87-92)”.

como base para a elaboración de materiais didácticos. Por esta razón, concordamos con Cassany (2012: 197) en que a pesar de que o seu uso para aprender e ensinar linguas é aínda pouco coñecido entre os docentes e aínda máis ignorado entre os aprendices, os corpus constitúen un recurso do que se pode tirar moito proveito a nivel formativo. Así, para alén da implicación colectiva á que aludimos en 2 para referirmos á elaboración do que podería ser o Corpus de Referencia da Escrita Electrónica Galega (CRE2LG?), será tamén necesario a vontade individual para o deseño de materiais e prácticas didácticas adaptadas ás aulas e aos distintos niveis en que estas teñen lugar.

Mais a ausencia de corpus constitúe desde a perspectiva pedagóxica un problema menor, precisamente porque, como apuntaba Cassany, se trata dunha ferramenta aínda incipiente na didáctica da lingua, con independencia de se se centra ou non na variedade electrónica. Porén, para abordarmos nas aulas o resto das disciplinas lingüísticas achamos tamén para o galego diversos materiais e recursos que constitúen un referente fundamental para o profesorado fundamentar a súa práctica docente e para o alumnado guiar a súa aprendizaxe: así, por exemplo, para cuestións lexicais contamos con dicionarios e glosarios (Pazó Fernández 2005, Ferreiro 2014), para o tratamento ortográfico da lingua existen as normas (RAG / ILG 2005) e os vocabularios (González González / Santamarina Fernández 2004), en canto para o tratamento de aspectos fonéticos, morfosintácticos ou semánticos temos tamén ao noso dispor gramáticas (véxanse, entre outras, Álvarez / Xove 2002, Hermida Gulías 2004 ou Freixeiro Mato 2006) ou libros de estilo, cal Freixeiro Mato (2009 e 2013) e Callón (2012), embora non sexan estas as únicas referencias bibliográficas para a lingua galega.

A problema reside, pois, na dificultade de aproximarnos, ben como docentes, ben como discentes, a unha realidade ou a unha área que non existe ou que, cando menos, non está recollida como tal nos manuais especializados ou nas materias dos cursos universitarios. En xeral, e como apunta Crystal (2011: viii), constitúe un atranco para todas as linguas debido á natureza embrionaria deste campo de estudo. De feito, a obra do autor galés eríxese como unha das primeiras referencias científicas que existen sobre esta disciplina a respecto da lingua inglesa¹⁰. Para o catalán, convén destacarmos as investigacións científicas realizadas por Cassany, que se concretan na obra *En línia. Llegir i escriure a la xarxa* (2011), dirixida fundamentalmente aos docentes dos diversos niveis educativos e, por tanto, de natureza divulgativa. E para o español, descoñecemos a existencia dun manual ao uso sobre estas novas realidades

10 Como sinala no prefacio, “a growing number of linguistics students, at undergraduate and postgraduate levels, are now beginning to study the subject, and I have written this book primarily for them” (Crystal 2001: viii).

lingüísticas e a referencia máis próxima podemos encontrala na edición monográfica da revista dixital *Estudios de Lingüística del Español* de López Alonso / Seré (2006), *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*, para alén do dicionario *Mnjs/d txt* (Poole / Lloyd 2001).

No noso ámbito lingüístico son tamén escasos os recursos e, na actualidade contamos cun *Diccionario da Internet e do Telemóbel* (Benedito 2003) para o portugués¹¹ e con dous traballos orientados e baseados na lingua galega: por unha banda a monografía *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS* (Mosquera Castro 2013c), dirixida cara o ensino secundario e que aborda tan só un aspecto concreto da Lingüística de Internet e, por outra banda, o traballo de López Viñas / Lourenzo Mória / Moreda Leirado (2010: 520) intitulado *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*, en que, como xa apuntamos, os anteditos autores dedican algunhas páxinas a analizar este fenómeno lingüístico. E a pesar de que a situación do galego non difire daquela que manifestan as linguas da nosa contorna, consideramos insuficientes estes esforzos e, neste sentido, achamos necesario ampliarmos as obras de referencia sobre as liñas abertas por esta nova disciplina. Así, para alén dun corpus de mostras de escrita e textos dixitais, sería tamén moi útil realizar un glosario e facelo dispoñíbel –preferibelmente en formato dixital– para que poida ser consultado libremente, mais principalmente, como un recurso didáctico de carácter puntual. Neste sentido, parécenos igualmente importante, e mesmo complementario, elaborarmos un estudo que recolla de forma sintética e exemplificada os principais fenómenos gramaticais, textuais e conversacionais das novas prácticas lingüísticas que se producen nestes contextos, conformando máis un recurso para as aulas de lingua galega e unha guía para os non iniciados na comunicación virtual.

3.2. A mudanza nas actitudes lingüísticas e nos enfoques metodolóxicos

O aparecemento destas novas realidades lingüísticas orixinadas polo contexto electrónico provocou grandes temores sobre as posíbeis consecuencias que esta revolución tecnolóxica puidese implicar na forma en que nos comunicamos. Así, as críticas están fundamentalmente dirixidas non tanto aos soportes de interacción ou ao

11 Convén non entanto sinalarmos tamén a existencia do glosario que figura na web de ogalego.eu (http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/textos/sms.htm), en que se recollen algúns dos termos máis frecuentes da escrita electrónica galega, mais que en todo o caso non deixa de ser algo anecdótico, pola súa simplicidade e falta de rigorosidade.

modo en que esta se realiza, mais sobre todo á variedade gráfica que se utiliza para a vehicular, o que xerou certa animadversión inicial cara este campo de estudo, tamén por parte de lingüistas e docentes. No entanto, e como sinala Crystal (2011: 3), “the prophets of doom have been out in force, attributing every contemporary linguistic worry to the new technology, and predicting the disappearance of languages and a decline in spoken and written standards”. Así, a escrita electrónica constitúe máis un exemplo que camiña nesta dirección, pois segundo Baron (2008: 163), “there’s an international perception that computers and mobile phones are affecting everyday language, and that these effects are generally non for the better”. E a pesar da proliferación de estudos científicos sobre estas novas realidades lingüísticas que desmisten moitas destas representacións (véxase Kasesniemi / Rautiainen 2002, Plester / Wood / Bell 2008 e Plester / Wood / Joshi 2009), o discurso público sobre este fenómeno aínda continúa focalizando a súa atención sobre o seu impacto nocivo na alfabetización e nas competencias a respecto do uso do código normativo.

Os argumentos que se utilizan para fundamentar estas consideracións aluden a unha escrita anárquica, desregrada e difícil de comprender, ao aumento dos erros ortográficos do alumnado e ao feito de a mocidade cada vez ler menos. Neste sentido, a concreción didáctica desta disciplina, especialmente nos niveis de ensino primario e secundario, mais tamén nos universitarios –inclusive naqueles de especialización filolóxica–, nin sempre é recibida con entusiasmo. Así, na liña do pánico moral suscitado a nivel social, as primeiras iniciativas pedagóxicas levantaron e levantan aínda grandes polémicas. Nestes medios, na páxina web do Bairro dos Rosais da Coruña aparece o seguinte titular “Nin galego, nin castelán, nin inglés: a ‘linguaxe SMS’ obrigatoria no ensino primario”¹². Aquí alúdese aos contidos dun libro de lingua galega, da editorial Santillana de cuarto de primaria en que aparecen, entre outras actividades, exercicios sobre este novo sistema de representación escrita. A persoa que redixe esta entrada resalta o inapropiado que ese tipo de contidos resulta para unha faixa etaria –crianzas entre os 8 e os 9 anos– que está aínda nunha fase de consolidación da ortografía padrón. Do seu punto de vista, trátase dun tema pouco pertinente e considera que existen formas alternativas e máis convenientes de motivar o alumnado na análise textual. Así, a introdución destes contidos enmárcase como máis un exemplo da degradación e do retroceso non só do ensino, mais tamén dos valores fundamentais da sociedade.

Convén, pois, actuarmos tamén no ámbito das actitudes lingüísticas e facermos fincapé en que é precisamente por causa dos sistemas de comunicación electrónica que

12 Consúltase a este respecto a seguinte ligazón: <http://www.barriodelosrosales.es/2010/02/ni-gallego-ni-castellano-ni-ingles-el-lenguaje-sms-obligatorio-en-primaria.html>.

unha xeración que practicamente non utilizaba a escrita formal é agora denominada “text generation” (Mayans 2002). Pensemos en que o usuariado destes medios dedica moitas horas a escribir de forma activa e cunha intensidade e insistencia moito maior do que en calquera outro ámbito en que utilicen o rexistro escrito. Por esta razón, é preciso un cambio de mentalidade que permita aproveitarmos os beneficios que a tecnoloxía brinda a nivel docente a respecto da competencia escrita e tamén lectora. Así, se entendemos o contorno dixital –tal e como foi presentado en 1– como unha extensión das potencialidades da linguaxe, consideramos que o ensino debería orientarse dun modo máis profundo (Cassany 2000). E dado que a escrita dixital comeza a ser a día de hoxe tan importante como a analóxica –e que o seu futuro é incuestionábel– a alfabetización tería que conceder, ao noso parecer, cando menos certa equivalencia entre a compoñente dixital e a analóxica.

Mais para isto se producir, vira necesario, seguíndomos Teixeira (2008) que a escola e a tradición gramatical comece a distinguir e a aceptar como naturais distintos usos ou niveis de escrita conforme as varias situacións de comunicación gráfica, de igual modo que acontece cos niveis orais de lingua. Debemos ser conscientes de que a escrita non é só unha e que, por tanto, non podemos encarar todas as situacións do uso do código escrito como esferas formais de comunicación. A este respecto, Regueira (2013) afirma que a lingua escrita serviu xa desde a fin da Idade Media de referente nas cuestións de corrección, de normativa e de modelos, en canto a lingua falada foi vista en moitos casos como unha manifestación imperfecta desta, na medida en que presenta un menor grao de fixación e nunca está codificada de modo explícito como normativa. Porén, Teixeira (2008) apunta que “se nos últimos séculos (ou milénios) isto assim era, com o surgir das novas tecnoloxias a situación alterou-se radicalmente, desempeñando hoje, a escrita, funcionalidades diversas e diversificadas relativamente ao cãnone tradicional”.

Do noso punto de vista, todo aquilo que demostra fortaleza nunha lingua, neste caso o galego, e que favorece a súa dinámica e a súa permanencia é positivo e, por este motivo, xulgamos que, en lugar de un purismo que se posicione só do lado do código gráfico canónico e que considere a variedade ortográfica tradicional como única forma de escrita aceptábel, sería moito máis útil que tanto a norma, como a gramática e, en consecuencia, tamén o ensino recoñecesen validez na vitalidade que estas novas formas de representación de escrita conceden para a lingua, pois non constitúen realidades contrarias, mais complementarias¹³. Por este motivo, o

13 Sobre este particular, en Mosquera Castro (2013c: 5) a profesora Sanmartín Rei, encargada do prólogo, afirma o seguinte: “Pode parecer contradictorio que esta proposta xurda avalada por persoas que defendemos o concepto da calidade lingüística como máis un instrumento para a normalización da lingua galega na sociedade actual. Esperariase deste colectivo unha postura contraria ao emprego dun recurso baseado naquilo que pode constituír unha fonte de erros lingüísticos, sempre desde

seu tratamento non significa substituírmos o sistema gráfico normativo por estes códigos simplificados que –embora presenten algunhas regras– estea gobernado principalmente por metodoloxías da instantaneidade. O cánon sempre será o cánon, isto é, “o traje formal. Só que nem sempre o traje formal é o mais adecuado. Por veces, uma roupa mais desportiva (ou mais íntima) não faz mal a ninguém” (Teixeira 2008).

Consecuentemente, coidamos que a socialización e a normalización lingüística que lle compete ao ámbito educativo non debería esquecer esta vertente dos novos usos da lingua e, moito menos, consideralos un atentado contra a lingua, por non seren normativos (Crystal 2004: 101). Así, da mesma forma que acontece coas variedades dialectais que non foron incluídas no estándar, mais que son igualmente lexítimas, sería moito máis beneficioso que o profesorado, cando menos o de lingua, aprendese a traballar con estas novas formas de expresión e as introducise nas aulas no marco das variedades e dos rexistros da linguaxe que todos os idiomas posúen. Constituiría un modo de controlar e mesmo de orientar as ditas novidades e de evitarmos os tan polémicos hibridismos. O feito de o profesorado non considerar este código de interese e só presentar o rexistro ideal –isto é, a norma– e case sempre a través do texto literario, terá como consecuencia que os e as discentes fiquen coa idea de que as materias de lingua que se imparten no sistema educativo nada teñen que ver cos usos lingüísticos que encontramos no noso día a día.

Así pois, convén tamén que a didáctica da lingua corra paralela aos novos tempos e se faga eco das novidades no seu campo. Até este momento o concepto niveis de lingua empregábase de modo fundamental para facer referencia á oralidade, dado que até o aparecemento e o uso xeneralizado destas formas de comunicación gráfica, o rexistro escrito coincidía, en liñas xerais con contextos de certa formalidade onde o emisor e o receptor non partillaban un mesmo espazo físico. Mais a recente aparición das textualidades electrónicas veu alterar este proceso. Neste punto a noción de “nivel de escrita” sinalada por Teixeira (2008) poderá ser útil do punto de vista didáctico na medida en que permite que o profesorado de lingua non desbote para fóra da sala estas novas realidades lingüísticas. Na súa opinión, deste modo terá a oportunidade non só de facer con que se poida admitir dentro da súa especificidade

unha perspectiva tónica e binarista, mesmo ategada de preconceptos, tal e como teredes ocasión de comprobar ao longo destas páxinas. Porén, contra esa visión da persoa correctora co bolígrafo vermello na man preparado para actuar e para lles devolver ás persoas utentes do galego unha labazada no seu modelo de lingua, o criterio que sostén o concepto de calidade para as linguas que sofren un proceso de erosión interna parte do recoñecemento do uso acaído das persoas que as empregan e da restitución daquelas construcións ou voces que foron ficando como formas asociadas xustamente a falantes tradicionais ou a usos literarios. Pouco ten, pois, a ver, esta defensa co abuso da corrección ortográfica (hoxe xa realizada de xeito automático) e moito coa procura do goce estético e expresivo”.

esta modalidade gráfica, mais tamén, a partir dela, mostrar algúns dos aspectos do funcionamento do propio sistema lingüístico e mesmo até corrixilo para o mellorar. Neste punto, xulgamos que a existencia desta variedade gráfica para o galego poderá contribuír mesmo para desmitificar tamén os posibles preconceptos que –como resultado da situación sociolingüística particular en que se xerou– aínda suscita a propia norma escrita.

4. Conclusións

Nas páxinas que preceden esta reflectimos sobre as repercusións do medio dixital no aparecemento dunha nova área de investigación filolóxica, A Lingüística de Internet, e sobre o seu potencial no estudo das linguas, mais especialmente da galega. Nestes medios, ao ser a linguaxe un dos indicadores que mellor dá conta das mudanzas sociais, non é de estrañar que un fenómeno tan singular e innovador como o tecnolóxico tivese implicacións tamén nas linguas e no modo en que as persoas se comunican. E, de igual forma, tamén non resulta insólito que estas consecuencias –unidas á novidade e a atracción que desprende este campo– suscitasen e susciten aínda na esfera lingüística entusiasmo e temor –todo a un tempo–, entre os diversos colectivos sociais. Porén, a día de hoxe resulta innegábel que o soporte electrónico ofrece oportunidades lingüísticas sen precedentes na esfera da investigación e que os seus resultados exceden tamén a propia descrición. Quere dicir, non supón unicamente a análise de novas tipoloxías discursivas ou modalidades lingüísticas introducidas polas tecnoloxías, mais implica en moitos casos reinterpretarmos todo o que xa sabíamos sobre a linguaxe.

Neste sentido, os retos que esta nova área formula para a nosa lingua son similares aos que se establecen para o resto dos idiomas, se ben que as condicións sociolingüísticas particulares en que se acha o galego convidan o persoal investigador a ocometeren coa maior celeridade posíbel. Así, para abordarmos desde unha focaxe científica as múltiples posibilidades de análise que foron sinaladas neste traballo e que contribuirán, con certeza, para modernizaren e actualizaren a Filoloxía Galega, será necesario atendermos antes aos obstáculos que frean en certa medida este proceso. Por esta razón, na nosa opinión, resulta prioritario o desenvolvemento de recursos en lingua galega para este ámbito, como a creación de corpus, que, perante a escaseza e nalgúns casos inexistencia de referentes previos para a nosa lingua, permita que os investigadores se aproximen del coa máxima rigorosidade. Na mesma liña, consideramos necesario que este esforzo investigador non finalice na descrición e sistematización lingüística desta nova área, mais que os seus resultados se trasladen ás esferas máis inmediatas de uso e de aprendizaxe lingüística, non só a través de

material pedagóxico que o describa e permita traballalo, mais tamén por medio de novas focaxes que superen os prexuízos xerados arredor destas novas realidades lingüísticas e que contribúan, a un tempo, para erradicar os aínda existentes sobre a lingua en xeral.

En definitiva, xulgamos positivo que, a pesar dos evidentes atrancos tecnolóxicos e sociolingüísticos, para a lingua galega se desenvolveran tamén novas textualidades electrónicas e usos lingüísticos con propiedades de seu, pois constitúe máis unha mostra da súa visibilidade e da súa funcionalidade. En consecuencia, cómpre non permanecermos alleos a este novo campo de estudo –que non fai máis do que afianzar a idea de anormalidade– e asumirmos os desafíos que suscita, pois estamos seguros de que o potencial lingüístico que manifesta contribuirá, con toda a probabilidade, para normalizar o noso idioma e para o dotar de proxección.

Referencias bibliográficas

- Baron, N. S. (2008): *Always on. Language in an Online and Mobile World* (Oxford: Oxford University Press).
- Kasesniemi, E. L. / Rautiainen, P. (2002): “Mobile culture of children and teenagers in Finland”, en Katz, J. E. / Aakhus, M. (eds.), *Perceptual Contact: Mobile Communication, Private talk and Public Performance*, 170-192 (Cambridge: Cambridge university Press).
- Plester, B. / Wood, C. / Bell, V. (2008): “Txt msg n school literacy: does mobile phone use adversely affect children’s attainment?”, *Literacy* 42, 137-144.
- Plester, B. / Wood, C. / Joshi, P. (2009): “Exploring the relationship between children’s knowledge of text message abbreviations and school literacy outcomes”, *British Journal of Developmental Psychology* 27, 145-161.
- Poole V. / Lloyd, J. (2001): *Mnsjs d txt* (Barcelona: Plaza y Janés).
- Lopez Alonso, C. / Séré, A. (eds.) (2006): *Nuevos géneros discursivos: los textos electrónicos*. Monográfico 24 da Revista *Estudios de Lingüística del Español*.
- Benedito, J. (2003): *Dicionário da Internet e do Telemóvel* (Lisboa: Centro Atlántico).
- Álvarez García, S. / Mosquera Castro, E. (2014): “Normalización del microtexto. Nuevos desafíos en PLN para el gallego”, *Estudios Interlingüísticos* 2, 11-26.
- Álvarez Martínez, S. (2008): *Interacciones sincrónicas escritas en línea y aprendizaje del español: caracterización, perspectivas y limitaciones*. Tese de doutoramento. Universidade de Lleida. Dispoñíbel en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/Alvarez2008_tesis.pdf [consult. 31.01.2015].
- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da Lingua Galega* (Vigo: Galaxia).

- Bajtín, M. (1982): “El problema de los géneros discursivos”, en Bajtín, M. (coord.), *Estética de la creación verbal*, 248-293 (México: Siglo XXI).
- Baron, N. S. (1984): “Computer Mediated Communication as a force in language change”, *Visible Language* 18, 118-141.
- Baron, N. S. (1998): “Letters by phone or speech by other means: The linguistics of email”, *Language and Communication* 18, 133-170.
- Baron, N. S. (2000): *Alphabet to email* (London / New York: Routledge).
- Baron, N. S. (2001): “Why Email Looks Like Speech. Proofreading, Pedagogy and Public Face”, en Aitchinson, J. / Lewis, D. (eds.), *New Media Language*, 102-113 (London: Routledge).
- Baron, N. S. (2004): “See you online: Gender issues in college student use of instant messaging”, *Journal of Language and Social Psychology* 23 (4), 397-423.
- Belda Medina, J. R. (2003): *El lenguaje de la informática e Internet y su traducción* (Alicante: Universidad de Alicante).
- Callón, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (Vigo: Xerais).
- Cassany, D. (2000): “De lo analógico a lo digital. El futuro de la enseñanza de la composición”, *Revista Latinoamericana de Lectura* 21.
- Cassany, D. (2011): *En línia. Llegir i escriure a la xarxa* (Barcelona: Graó).
- Cassany, D. (2012): *En línia. Leer y escribir en la red* (Barcelona: Anagrama).
- Cassany, D. / Sala Quer, J. / Henández, C. (2008): “Escribir ‘al margen de la ley’: prácticas letradas vernáculas de adolescentes catalanes”, en *8º Congreso de Lingüística General* (Madrid: Universidad Autónoma de Madrid) (25/28-6-2008). Disponible en <http://www.lllf.uam.es/clg8/actas/pdf/paperCLG21.pdf> [consult. 07.05.2015].
- Costa Bravo, C. / Jiménez Gómez, J. J. / Vela Delfa, C. (2003): “Los textos electrónicos en la enseñanza de lenguas extranjeras”, *Interlingüística* 14, 219-228.
- Crystal, D. (2004): *Language revolution* (Cambridge: Polity).
- Crystal, D. (2006): *Language and the Internet* (Cambridge; New York: Cambridge University Press).
- Crystal, D. (2008). *Txtng: The Gr8 Db8* (Oxford: Oxford University Press).
- Crystal, D. (2011): *Internet Linguistics: a student guide* (Abingdon; Oxon; New York: Routledge).
- Fairon, C. / Paumier, S. (2006): “A translated corpus of 30,000 French SMS”. *International Conference on Language Resources and Evaluation*. Disponible en <http://tcts.fpms.ac.be/poleti-seminars/2011/tcts2011-beaufort-abstract.pdf> [consult. 22.07.2014].
- Fávero, L. L. / Koch, I. G. V. (1983): *Lingüística Textual: Introdução* (São Paulo: Cortez).

- Ferreiro, M. (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*. Universidade da Coruña. Dispoñíbel en <http://glossa.gal> [consult. 31.04.2015].
- Feuba Wanji, E. (2009): “The Sociolinguistics of Mobile Phone SMS Usage in Cameroun and Nigeria”, *The International Journal of Language Society and Culture* 28. Dispoñíbel en <http://www.educ.utas.edu.au/users/tle/journal/issues/2009/28-3.pdf> [consult. 16.12.2014].
- Fiormonte, D. (2003): *Scrittura e filologia nell'era digitale* (Milano: Bollati Boringhieri Editore).
- Fonseca, J. (1994): *Pragmática Lingüística – Introdução, teoría e descrição do Português* (Porto: Porto Editora).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía. II Morfosintaxe. III Semántica. IV Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de Calidade* (Vigo: Xerais).
- Freixeiro Mato, X. R. (2013): *Estilística da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Gómez Guinovart, X. (2000): “Lingüística computacional”, en Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez, X. P. (eds.), *Manual de ciencias da linguaxe*, 221-268 (Vigo: Xerais).
- González González, M. / Santamarina Fernández, A. (coords.) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)* (A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica (Morfosintaxe)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Herring, S. C. (1996a): “Posting in a different voice: Gender and ethics in CMC”, en Ess, C. (ed.), *Philosophical Perspectives on Computer-Mediated Communication*, 115-145 (New York: Suny).
- Herring, S. C. (1996b): “Linguistic and critical research on computers-mediated communication: Some ethical and scholarly considerations”, *The Information Society* 12 (2), 153-158.
- Herring, S. C. (1999): “Interactional Coherence in CMC”, *Journal of Computer-Mediated Communication* 4 (4).
- Herring, S. C. (2000): “Linguistic Approaches to Computer-Mediated Communication”, en *I Jornada sobre Comunicació Mediada per Ordinador en Catala*. (Barcelona: Universidade de Barcelona). Dispoñíbel en <http://www.ub.es/lincat/cmo-cat> [consult. 11.01.2015].
- Herring, S. C. (2001): “Computer-Mediated Discourse”, en Tannen, D. / Schiffrin, D. / Hamilton, H. (eds.), *Handbook of Discourse Analysis*, 612-634 (Oxford: Blackwell).
- Herring, S. C. (2002): “Computer-Mediated Communication in the Internet”, *Annual Review of Information Science and Technology* 36,109-168.

- Iglesias Álvarez, A. (2012): “Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos”, *A letra miúda. Revista de Sociolingüística para o Ensino* 1.
- Kiesler, S. / Siegel, J. / McGuire, T. (1984): “Social psychological aspects of computer-mediated communication”, *American Psychologist* 39, 1123-1134.
- Koch, I. G. (2003): *A inter-ação pela linguagem* (São Paulo: Contexto).
- López Viñas, X. / Lourenço Mória, C. / Moreda Leirado, M. (2010): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (A Coruña: Baía Edicións).
- Marcuschi, L. A. (2001): *Análise da Conversação* (São Paulo: Ática).
- Marques, M. A. (2011): “Argumentação e(m) Discursos”, en Duarte, I. M. / Figueiredo, O. (org.), *Português, Língua e Ensino*, 287-310 (Porto: Universidade do Porto).
- Mateus, M. H. M. / Brito, A. M. / Duarte, I. / Hub Faria, I. (2003): *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Caminho).
- Mayans, J. (2000a): “El lenguaje de los chats. Entre la diversión y la subversión”, *Revista iWorld* 29, 42-50.
- Mayans, J. (2000b): “Chats. Un nuevo lenguaje”, *iWorld* 31. Disponible en <http://www.quadernsdigitals.net/articles/idg/chats.htm> [Consult. 16.01.2015].
- Mayans, J. (2000c): “Anonimato: el tesoro del internauta”, *iWorld* 31. Disponible en <http://www.idg.es/iworld/articulo.asp?id=113043> [consult. 16.01.2015].
- Mayans, J. (2001): “Género confuso: género chat”, *Textos de la Cibersociedad* 1. Disponible en <http://cibersociedad.rediris.es/mayans/gc.htm> [consult. 16.01.2015].
- Mayans, J. (2002): “De la incorrección normativa en los chats”, *Revista de investigación lingüística* 2 (5), 101-116. Disponible en: <http://www.cibersociedad.rediris.es/archivo/articulo.php?art=28> [consult. 15.04.2015].
- Menéndez, F. (org.) (2004): *Análise do discurso* (Lisboa: Hugin).
- Mosquera Castro, E. (2012): “Novos retos da Lingüística: as textualidades electrónicas. Consideracións sobre a escrita dos chats e das SMS”, *LLJournal* 7 (1).
- Mosquera Castro, E. (2013a): “O discurso electrónico: a interacción comunicativa no contexto virtual”, *Revista Galega de Filoloxía* 14, 85-115.
- Mosquera Castro, E. (2013b): “A escrita SMS desde a perspectiva dos seus utentes. Unha achega sobre a lingua galega”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, 63-71.
- Mosquera Castro, E. (2013c): *Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos* (A Coruña: AS-PG).
- Mosquera Castro, E. / Sánchez Rei, X. M. (2013): “Os factores socioculturais e tecnolóxicos como explicación para a variación lingüística: algunhas fenomenoloxías para o caso do galego”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* XVIII, 179-205.

- Mosquera Castro, E. / Wellings, M. P. (2014): “Os códigos lingüísticos de rede e a paisaxe lingüística galega”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 173-197.
- Oksman, V. / Turtianen, J. (2004): “Mobile communication as a social stage: Meanings of mobile communication in everyday life among teenagers in Finland”, *New media & Society* 6 (3), 319-339.
- Oliveira, F. / Duarte, I. M. (org.) (2004): *Da Língua e do Discurso* (Porto: Campo das Letras).
- Ong, W. J. (1982): *Orality and Literacy: The Technologizing of the Word* (London: Methuen).
- Parga Valiña, M. (2004): “A interferencia lingüística no galego oral”, en Álvarez, R. / Fernández Rei, F. / Santamarina, A. (eds.), *A Língua Galega: Historia e Actualidade. VOL. I*, 547-558 (Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega / Consello da Cultura Galega).
- Pazó Fernández, E. (2005): *Dicionario Galego de Televisión* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Pérez Guerra, J. (1998): *Introducción a la lingüística de corpus. Un ejercicio con herramientas informáticas aplicadas al análisis textual* (Santiago de Compostela: Tórculo Edicións).
- RAG [Real Academia Galega] / ILG [Instituto da Língua Galega] (2005): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Regueira, X. L. (2012): *Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Regueira, X. L. (2013): “Estándar oral e modelos de lingua”, *A letra miúda. Revista de Sociolingüística para o Ensino* 2.
- Sánchez Rei, X. M. (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Língua galega e variación dialectal* (Noia: Laivento).
- Santamarina, A. (2008): “O patrimonio oral”, en Fernández Rei, E. / Regueira, X. L. (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*, 325-350 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Tascón, M. / Abad, M. (2011): *Twittergrafía. El arte de la nueva escritura* (Madrid: Catarata).
- Teixeira, J. (2003): “O Q É Q É + IMPORTTT N1 MSG? (Mensagens SMS e novos usos da escrita)”, *Diacritica Serie Ciencias da Linguagem* 17 (1), 387-405.
- Teixeira, J. (2008): “Língua Portuguesa e as Novas Tecnologias de Comunicação: as dinámicas da(s) escrita(s)”, *Diacritica Serie Ciencias da Linguagem* 22 (1), 107-127.

- Thompson, D. (1988): “Interactive networking: creating bridges between speech, writing and composition”, *Computers and Composition* 5 (3), 2-27.
- Thurlow, C. / Poff, M. (2013): “Text Messaging”, en Herring, S. C. / Stein, D. / Virtanen, T. (eds.), *Handbook of the pragmatics of CMC, 163-190* (Berlín / New York: Mouton de Gruyter).
- Torres i Vilatarsana, M. (2000): “Análisi del Discurs Mediatitzat per Ordenador”, en *I Jornada sobre Comunicació Mediatitzada per Ordinador en Català (CMO-Cat)*.. Dispoñíbel en <http://www.ub.edu/lincat/cmo-cat/torres.htm> [consult. 23.06.2015].
- Torres i Vilatarsana, M. (2001a): “Funciones pragmáticas de los emoticonos en la comunicación mediada por ordenador”, *Textos de la Cibersociedad* 1. Dispoñíbel en <http://cibersociedad.rediris.es/torres/pragma.htm> [consult. 16.01.2015].
- Torres i Vilatarsana, M. (2001b): “L’analyse du discours médiatisé par ordinateur: l’apport de la linguistique á la société de l’information”, en *La Communication Médiatisée par Ordinateur: un carrefour de problématiques. 69o Congreso de l’Association canadienne-française pour l’avancement des sciences*. Université de Sherbrooke (15-16 maio). Dispoñíbel en <http://grm.uqam.ca/cmo2001/torres.html> [consult. 16.01.2015].
- Torres i Vilatarsana, M. (2004): “Aproximación a l’escritura ideofonemática o netspeak català”, en *II Congreso ONLINE del Observatorio para la CiberSociedad*. Dispoñíbel en http://www.cibersociedad.net/congres2004/grups/fitxacom_publica2.php?grup=86&=es&id=671 [consult. 17.01.2015].
- Vela Delfa, C. (2005): *El Correo Electrónico: El nacimiento de un nuevo género*. Tese de doutoramento: Universidad Complutense de Madrid. Dispoñíbel en http://www.galanet.eu/publication/fichiers/tesis_cristina_vela_delfa.pdf [consult. 05.05.2014]
- Viana, V. / Tagnin, S. E. O. (orgs.) (2011): *Corpora no ensino de línguas estrangeiras* (São Paulo: HUB Editorial).
- Yus, F. (2001): *Ciberpragmática* (Barcelona: Ariel).
- Yus, F. (2010): *Ciberpragmática 2.0. Nuevos usos del lenguaje en Internet* (Barcelona: Ariel).